

*A) Pavillón municipal de deportes*

- \* Asistencia diaria ..... 3,00 €
- \* Bonos individuais ..... 20,00 euros/mes.  
Menores de 18 años desconto del 50%.
- \* Utilización sauna/1 por semana ..... 4,00 euros/sesión.
- \* Cursos ximnasia ..... 20,00 euros/mes.
- \* Masaxe ..... 18,00 euros/sesión.
- \* Utilización pista do pavillón ..... 12,00 euros/hora.
- \* Os non residentes no concello terán un recargo do cincuenta por cento no prezo da taxa.

*B) Piscina Municipal:*

- \* Entrada adultos ..... 2,00 euros
- \* Entrada infantil ..... 1,00 euros
- \* Bonos /persoa/mes ..... 30,00 euros
- \* Cursos natación/quincena ..... 20,00 euros

*C) Pista municipal de Tenis.*

- \* Residentes-1 hora ou fracción/persoa ..... 1,00 euros
- \* No residentes, 1 hora ou fracción/persoa ..... 3,00 euros

**ARTIGO 7. – XESTIÓN.**

O pagamento das taxas establecidas nesta Ordenanza realizarase nas propias instalacións deportivas municipais, ou onde así se determine. Previo ao inicio de uso das instalacións deberase dar de alta nas Oficinas do Concello, onde se lle entregará ao/á usuario/a un documento xustificativo de alta, que deberá presentarse no lugar de cobro da taxa.

**DISPOSICION FINAL**

A presente modificación de tarifas foi aprobada polo Pleno do Concello, na súa sesión de data 22 de setembro de 2011 e entrará en vigor o día que se publique a modificación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012 permanecendo en vigor ata á súa modificación ou derogación expresa.

A Alcaldía-Presidencia queda facultada para ditar cantas ordes e instrucións resulten necesarias para a axeitada interpretación e aplicación desta Ordenanza.

**ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE CARACTERISTICAS ESPECIAIS.**

A teor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade ao establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II e en especial dos artigos 61 e seguintes da Lei 39/1988 de 28 do decembro reguladora das Facendas Locais na súa redacción dada pola lei 51/2002 de 27 do decembro, e Lei 49/2002 do 23 de decembro reguladora do Catastro Inmobiliario, régulase o IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS, (IBI) que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal.

*NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE DO IBI RELATIVO AOS BENS INMOBLES  
DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS. –*

Artigo 1.—O imposto sobre Bens Inmóbles, é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmóbles nos termos establecidos na Lei 39/1988 e Lei 42/2002.

Constitúe o Feito Impoñible do Imposto sobre Bens Inmóbles relativo aos bens de características especiais, a titularidade dos seguintes dereitos sobre estes:

Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóbles ou sobre os servizos públicos a que estean afectos.

Dun dereito real de superficie.

Dun dereito real de usufruto.

Do dereito de propiedade.

A realización do feito impoñible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida determinará a non suxeición do inmóble ás restantes modalidades neste previstas.

Artigo 2.—Aos efectos deste Imposto terán a consideración de bens inmóbles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

1 Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo, e as centrais nucleares.

2 As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso. -Se exceptúan as destinadas exclusivamente a rego sen outro destino ou utilidade; estarán polo tanto suxeitos os bens anteriormente relacionados se ademais de rego cumpren outras funcións ou finalidades.

3 As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.

4 Os aeroportos e portos comerciais.

5

*SUXEITOS PASIVOS*

Artigo 3.—Son suxeitos pasivos a título de contribuíntes do Imposto Sobre bens inmóbles de características especiais as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei 230/1963 do 28 de decembro, Xeneral Tributaria que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso sexa constitutivo do feito impoñible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmóble de características especiais, será substituto do contribuínte que satisfaga o maior canon, sen prexuízo de poder repercutir este sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lle corresponda en proporción aos canons que deban satisfacer cada un deles. –

*BASE IMPOÑIBLE*

Artigo 4.—A Base impoñible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmóbles de características especiais determinado para cada ben inmóble a partir dos datos obrantes no Catastro Inmobiliario e estará integrado polo valor do chan e o valor das construcións, determinándose mediante a aplicación do correspondente relatorio de valores elaborados pola Dirección Xeral de Catastro directamente ou a través dos convenios de colaboración, seguindo as normas de aplicación.

O Procedemento de valoración dos bens inmóbles de características especiais iniciárase coa aprobación do correspondente relatorio especial cando afecten a un ou varios grupos dos devanditos bens.—E iso sen prexuízo das disposicións transitorias vixentes para tales bens a partir do día 1 de xaneiro de 2003. –

*BASE LIQUIDABLE*

Artigo 5.—A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que no seu caso sexan de aplicación.

*COTA TRIBUTARIA*

Artigo 6.—A cota íntegra do Imposto sobre bens Inmóbles de características especiais será o resultado de aplicar á base liquidable o seguinte tipo de gravame:

O 1,3 por 100 aplicable dende a entrada en vigor desta ordenanza e para exercicios sucesivos, ata que non se acorde mediante modificación outro tipo distinto. —

*PERÍODO IMPOSITIVO E REMUNERACIÓN*

Artigo 7.—O Imposto devengarase o primeiro día do período impositivo que coincidirá co ano natural.

A efectividade das inscricións catastrais resultantes de determinación do valor catastral dos bens inmóbles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

As alteracións concernentes aos bens inmóbles susceptibles de inscrición catastral determinarán a obriga dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario conforme ao establecido nas súas normas reguladoras.

Conforme ao establecido no artigo 5 da Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario, e sen prexuízo dos procedementos regulados no artigo 4 para a incorporación no Catastro Inmobiliario dos bens inmóbles e das súas alteracións, o Concello acóllese ao sistema de comunicacións: son comunicacións as que formule o Concello poñendo en coñecemento do Catastro Inmobiliario os feitos, actos ou negocios susceptibles de xerar unha alta, baixa ou modificación catastral, derivados de actuacións para as que se outorgara a correspondente licenza ou autorización municipal nos termos e coas condicións que se determinan pola Dirección Xeral de Catastro, gozando as devanditas comunicacións de presunción de certeza conforme ao artigo 116 da Lei 230/1963 do 28 de decembro Xeral Tributaria.

Serán obxecto de comunicación os feitos, actos ou negocios considerados no artigo 5 da Lei 48/2002, debéndose notificar aos interesados, tendo efectividade o día seguinte a aquel en que se produzan os feitos, actos ou negocios que orixinen a incorporación ou modificación catastral con independencia do momento en que se notifiquen, salvo que os suxeitos pasivos actúen sen sometemento a licenza municipal dos actos susceptibles desta, en cuxo caso será responsabilidade destes toda alteración catastral.

Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmóbles de características especiais obxecto dos devanditos dereitos, quedaran afectados ao pagamento da totalidade da cota tributaria nos termos previstos no artigo 41 da Lei 230/1963 Xeral Tributaria —

*XESTIÓN DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBLES DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS*

Artigo 8.—A xestión do Imposto sobre bens inmóbles de características especiais comporta dúas vías:

1 A xestión tributaria: que comprende a propia xestión e recadación de este imposto, así como a revisión dos actos ditados nesta vía de competencia exclusiva deste Concello, salvo delegación en forma no organismo competente, e comprenderá as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobramento, resolución de recursos que se interpoñan contra os devanditos actos e actuacións para a asistencia e información ao contribuínte.

2 A xestión catastral: competencia exclusiva da Administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais. Comprende a xestión do imposto a partir da información contida no padrón catastral e demais documentos elaborados pola Dirección Xeral do Catastro.

## CUESTIÓNS NON PREVISTAS NESTA ORDENANZA

Artigo 9.—En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, estarase ás normas contidas na Lei 39/1988 do 28 de decembro e Lei 48/2002 do 23 de decembro.

Así mesmo no non previsto especificamente nesta Ordenanza serán de aplicación as normas contidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Lei 58/2002, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e Regulamento Xeral de Recadación

Artigo 10.—As modificacións producidas nas Leis de Presupostos Xerais do Estado e outras normas con rango de legal que afecten a calquera elemento deste imposto serán de aplicación automática dentro do ámbito de aplicación da presente Ordenanza.

DISPOSICION FINAL.—A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo pleno deste Concello, en sesión do 22 de setembro de 2011 e entrará en vigor tras a súa publicación íntegra no BOP, en todo caso a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Campo Lameiro, a 9 de novembro de 2011.—O Alcalde, Julio G. Sayáns Bugallo. **2011011026**

## A N U N C I O

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao non se ter presentado alegacións/reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de data 09 de Setembro de 2011, sobre o expediente de modificación de créditos n.º 2/2011 do Presuposto en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesourería, que se fai público resumido por capítulos:

*Orzamento de Gastos*

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DESCRICIÓN</u>	<u>CONSIGNACIÓN DEFINITIVA</u>
1	Gastos persoal .....	924.720,76
2	Gastos bens correntes .....	340.877,76
4	Transferencias correntes .....	99.342,15
6	Inversións reais .....	441.143,46
9	Pasivos financeiros.....	55.809,90
TOTAL.....		1.861.894,03

*Orzamento de Ingresos*

<u>CAPÍTULO</u>	<u>DESCRICIÓN</u>	<u>CONSIGNACIÓN DEFINITIVA</u>
1	Impostos directos .....	232.329,72
2	Impostos indirectos.....	15.000,00
3	Taxas e outros ingresos.....	77.219,00
4	Transferencias correntes .....	146.327,03
5	Ingresos patrimoniais .....	12.400,00
6	Enaxenación inversións reais .....	48.000,00
7	Transferencias capital .....	134.001,00
8	Activos financeiros.....	196.617,28
TOTAL.....		1.861.894,03